

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
E O EXCMO. CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “REMODELACIÓN DE LA
AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (CONCELLO DE MOS)”.**

Documento asinado electrónicamente por:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): OB5W2R5HPRP6022H



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
E O EXCMO. CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “REMODELACIÓN DE LA
AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (CONCELLO DE MOS)”.**

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que o Concello de Mos está concienciado sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede viaria municipal, facendo especial fincapé nos núcleos urbanos onde resulta necesario crear espazos para peóns e zonas humanizadas. O obxectivo do Concello é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público.



Quérese garantir que vías municipais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular das estradas provinciais E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI e E.P. 2603 Puxeiros - Peinador. A E.P.-2604 pertence á rede local de estradas provinciais, e a EP-2603 á rede complementaria de estradas provinciais, segundo figura no Catálogo de Estradas Provinciais deste organismo.

VI.- A E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI e a E.P. 2603 Puxeiros-Peinador son de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo das estradas atopamos unha sección de plataforma e elementos funcionais non uniforme, sen beirarrúas nalgunhas zonas. Para una mellor adecuación á súa funcionalidade urbana considérase oportuna a reordenación da súa sección coa creación de espazos para os peóns, a súa humanización con zonas axardinadas e arborado e a substitución da rede de alumado e saneamento público.

VII.- A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos, a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Entre os instrumentos de planificación que guían a actividade da Axencia está o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O seu programa de actuación estrutúrase en retos e en accións, sendo o reto



número 1 a “visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns”, e a acción 1.1, a construción de beirarrúas e sendas peonís.

VIII.- Tendo en conta o mencionado anteriormente, o Concello de Mos decide contratar a redacción do proxecto de *“REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN (CONCELLO DE MOS)”* coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Mos, actuando de raíz en dous treitos que conflúen no núcleo urbano de Tameiga, e comprenden á estrada provincial E.P. 2604 Puxeiros – E.P. Meixoeiro – CUVI, no treito comprendido entre os P.Q. 0+000 e 0+150 e a estrada E.P. 2603 Puxeiros - Peinador no treito comprendido entre os P.Q. 0+000 e 0+030.

O obxectivo do proxecto é a transformación do ámbito da avenida de Puxeiros, avenida do Rebullón y rotonda dos Bois nun espazo público de calidade con aumento substancial da superficie de uso peonil, mellora das condicións de accesibilidade e de tráfico rodado. As obras proxectadas inclúen a creación de beirarrúas de dimensións axeitadas en todo o trazada, con pequenas illas de vexetación e arborado, co soterramento da redes de alumeadado público e telefonía e coa instalación de rede de pluviais que xeraran un entorno máis humano e sobre todo máis seguro nos 7.543 m2 da actuación

IX.- Este proxecto foi aprobado dentro da liña de subvencións da Axencia Galega de Infraestruturas, que por medio do convenio asinado co Concello de Mos asume o compromiso de financiar o importe de seiscientos mil euros (600.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria

11.A1.512B.760 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2025.

X.- A Deputación de Pontevedra, como titular dos viais donde se van a acometer parte das obras obxecto da actuación descrita, ten especial interese en colaborar para a finalidade disposta a través da subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución do proxecto de *“Remodelación de la Avenida de Puxeiros – Avenida do Rebullón (Concello de Mos)”*.

O proxecto deseña unha zona central de aglomerado asfáltico cun carril por cada sentido de circulación, con un ancho total de 7,50 m, dobrando os carrís nas inmediacións da rotonda dos Bois coa finalidade de conseguir maior fluidez de tráfico.

As actuacións a realizar serían as seguintes:

- Demolicións, acondicionamento do terro e movementos de terras.
- Construción de beirarrúas elevadas de formigón pulido en todo o traxecto (170 m Avenida Puxeiros e 125 na Avenida do Rebullón).
- Construción de par terres lonxitudinais no borde das beirarrúas para absorber niveis de tráfico pesado e xerar zonas de sombra para instalar mobiliario urbano.
- Construír nas zonas de confluencia medianas e illas con arboredo.
- Renovación e instalación onde non o hai de rede de pluviais.
- Soterramento da rede eléctrica e telefónica.
- Instalación de iluminación pública tipo LED e de mobiliario público.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación estímase en un millón cincuenta e nove mil oitocentos doce euros con noventa e tres céntimos (1.059.812,93 €), máis douscentos vinte e dous mil cincocentos sesenta euros e setenta e dous céntimos en concepto de IVE (222.560,72 €), o que ascende a un orzamento total de un millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (1.282.373,65 €).

Deste importe, o que corresponde ao tramo provincial ascende a un total de cincocentos oitenta e oito mil oitocentos dezasete euros con oitenta e seis céntimos (588.817,86 €) máis cento vinte



e tres mil seiscientos cincuenta e un euros con setenta e cinco céntimos en concepto de IVE (123.651,75 €), o que importa un orzamento total de setecentos doce mil catrocentos sesenta e nove euros con sesenta e un céntimos (712.469,61 €), segundo o informe emitido polos Servizos Técnicos de Infraestruturas.

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas polo Concello de Mos, na súa totalidade, no que corresponde ao tramo de titularidade municipal.

Polo que respecta ao tramo provincial, as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Mos de conformidade co establecido no Decálogo de Criterios de Actuacións nas Vías Provinciais, aprobado por Acordo Plenario de data 29 de xaneiro de 2016 e modificado por Acordo Plenario 25 de setembro de 2020, de acordo coas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Concello de Mos	284.987,84 €	40 %
Deputación de Pontevedra	427.481,77 €	60%
TOTAL OBRAS	712.469,61 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

O Concello de Mos realizará a súa aportación, pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.



Coa aprobación do convenio por parte da Deputación, o concello pode xerar crédito para facer fonte as obras, e que lle serán aboadas, previa xustificación, mediante as certificacións mensuais oportunas.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados polo Concello de Mos.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

De producirse unha incidencia que supoña un menor importe, diminuírase a cantidade a da achega de Deputación na porcentaxe que corresponda.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Mos obrígase a:

- 1) Redacción do proxecto construtivo para a execución das obras de *“Remodelación de la Avenida de Puxeiros – Avenida do Rebullón (Concello de Mos)”*.
- 2) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 3) Licitación, dirección, execución e recepción das obras obxecto deste convenio.
- 4) Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do gasto obxecto do presente acordo.



- 5) Unha vez rematada e recibida a obra, levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (beirarrúas, alumado público, instalacións semaforicas, xardinería, arborado e rede de rego, mobiliario urbano, rede de saneamento, rede de abastecemento público de auga, etc.).
- 6) Comunicar á Deputación de Pontevedra, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para o obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- 7) Comunicar á Deputación de Pontevedra a data de recepción das obras para, se o estima oportuno, enviar un representante que recepcione a parte das obras que correspondan ao ámbito incluído no dominio público viario da Deputación de Pontevedra. No seu caso, redacción e firma de acta de recepción polas partes implicadas.
- 8) Se a Deputación de Pontevedra o estima oportuno, para o ámbito incluído no seu dominio público viario:
- Interlocución entre a Dirección de Obra designada polo órgano de contratación do Concello de Mos e o Representante da Administración designado pola Deputación de Pontevedra para o control e supervisión das obras.
 - Acordo entre a Dirección de Obra e o Representante da Administración designado pola Deputación de Pontevedra do plan de ensaios das obras.
 - Ao remate das obras, remisión á Deputación de Pontevedra de toda a documentación de calidade (actas de ensaios, certificados de materiais, etc...) relacionada coas unidades de obra executadas e planos as-built de tódolos elementos que non estean á vista (instalacións soterradas, etc...).
- 9) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída



a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 3 e 4 desta cláusula.

10) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Realizar a achega comprometida para a execución do proxecto obxecto do presente Convenio.
- 2) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.
- 3) Designación de un representante da administración da Deputación de Pontevedra para a colaboración coa Dirección de Obra do proxecto, supervisión e recepción de obra, si procede.

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Mos faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, a alcaldesa ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:



- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso requíranse e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e comunicación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter



persoal.

As partes poderán dar publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo primeira.- Resolución.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- O acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algúns dos asinantes.

Neste caso notificarase á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos.

Neste requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

A resolución do convenio por esta causa só poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo segunda.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e, en todo caso:



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025
- E demais normativa de obrigado cumprimento

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

